

Mazarelos e a divulgación da Historia e das Humanidades

DAVID MIGUEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ

Universidade de Santiago de Compostela
miguel.rodriquez@mazarelos.gal
<https://orcid.org/0000-0001-5270-3961>

ROQUE SANFÍZ ARIAS

Universidade de Santiago de Compostela
roque.sanfiz@mazarelos.gal
<https://orcid.org/0000-0002-9453-9730>

MATEO MARTÍNEZ TORRES

Universidade de Santiago de Compostela
mateo.martinez@mazarelos.gal
<https://orcid.org/0000-0001-7659-6945>

A disciplina histórica adoitou manter un comportamento hermético no seu devir. Artigos, libros e unha morea de historias desenterradas dos arquivos e enterradas novamente en documentos especializados e consultados por unha minoría. Mazarelos naceu das inquedanzas por coñecer o noso pasado, do interese por difundir coñecemento histórico e axudar a comprender a actualidade. Pero o noso propósito máis importante é achegar as actuais investigacións cun ton divulgativo a un público amplo e diverso.

Perante a noción da Historia como memorización de datas e persoeiros, cremos que o coñecemento histórico é moito máis que unha sucesión de capítulos inflexibles, onde o investigador/a se converte nun mero narrador. A nosa intención é eliminar falsas crenzas, formular novas preguntas e presentar novas respostas. Todo isto materializouse nun espazo onde poder compartir diferentes artigos dunha extensión reducida, permitindo a introdución de temáticas complexas do eido histórico a un público menos especializado. A brevidade non significa simplificación, senón que permite a difusión e lectura adaptada a soportes actuais: dispositivos móbiles, tabletas e o mundo dixital en xeral. Así, queremos conseguir que durante o café da mañá a xente lea historia nun formato áxil, accesible e apetecible.

O que comezou sendo unha iniciativa dun pequeno grupo de alumnos galegos do mestrado de Historia Contemporánea en diferentes universidades, pronto acadou un percorrido máis grande do previsto. En xaneiro de 2019 creamos un espazo onde publicar artigos históricos e doutras ciencias sociais afíns. Pouco a pouco, incorporáronse colaboradores e colaboradoras até chegar á rede actual que compón Mazarelos: unha trintena de persoas vencelladas.

Dende un comezo, o proxecto partiu dun compromiso co rigor histórico e coa promoción da lingua galega. Baixo estas premisas xa publicamos máis de cen artigos na plataforma Mazarelos.gal e unha decena no primeiro número da Revista Mazarelos. Exploramos diversos formatos, dende entrevistas a persoeiros ligados ás humanidades e ao mundo da cultura até artigos orixinais de divulgación de historia, filosofía e historia da arte. Outro compromiso adquirido foi manter unha transversalidade en canto á disciplina, temática ou cronoloxía proposta.

Pero, como podíamos achegar á xente estas lecturas? A difusión por medio das redes sociais resultou fundamental para pór en acción o proxecto. A través desta canle obtivemos persoas interesadas na lectura dos artigos e asemade xente que quería publicar neste medio. Unha retroalimentación que permitiu medrar en colaboracións, artigos, perspectivas e temáticas adoptadas na plataforma.

Un dos principais problemas que atopamos foi a súa lexitimización. Queiramos ou non, segue presente ese *dictum* que sinala o escrito en papel como permanente e obxectivo, fronte á efemeridade e sospeitosa orixe do dixital. Como era posible lexitimar, sen substituír, o formato dixital? Nós optamos por unha revista en papel. A nosa idea foi crear dous camiños paralelos que se retroalimentasen e permitisen ampliar o público e as fórmulas empregadas para o que queremos contar.

O único problema era a viabilidade económica do proxecto, polo que iniciamos unha campaña de micromecenado na plataforma goteo.org. Deste xeito, certificamos que había interese e grazas a máis de 100 cofinanciadores que completaron a campaña obtivemos financiamento para publicar a revista. Trala publicación do primeiro número no pasado mes de xaneiro, a Revista Mazarelos terá unha periodicidade cuadrimestral e agardamos distribuíla por quioscos e librarías de toda Galicia.

A revista **[imaxe 1]** estrutúrase a través de distintos formatos, sempre vencellados ás ciencias sociais e á cultura. Comeza cun artigo dunha invitada que aporte unha óptica nova á divulgación e/ou investigación. Seguidamente, aparece un artigo adicado á lembranza e memoria dunha personalidade célebre galega. A continuación, o *grosso* da revista, conta cunha escolma de artigos de mediana extensión nos que se presentan diferentes temáticas e investigacións. Unha entrevista pecha a revista, tratando de establecer un fío condutor entre o pasado e o presente, así como invitar á reflexión.



Imaxe 1. Revista Mazarelos, 1 (2020).

No primeiro número, a invitada foi Zira Box. Esta profesora da Univesitat de València falounos sobre a conxugación da Historia e da Socioloxía, e as vantaxes que esta cooperación ofrece. O persoeiro escollido foi Daniel García Ramos, pioneiro na utilización do galego no eido da Xustiza. Os artigos sobre historia e arte foron moi variados e con temáticas novidosas: dende a presenza das mulleres nas revoltas populares galegas do primeiro terzo de século até o tratamento dos espazos musealizados a partir do caso do Pazo de Tor. Por último, pecha este primeiro número unha entrevistada conxunta a Lourenzo Fernández Prieto e Miguel Anxo Seixas Seoane. Nesta, tratouse a profunda investigación sobre Castela e a súa relevancia na historiografía galega.

E con isto, chegou a proba final: a presentación da revista. Foron escollidas catro localizacións: a Praza de Mazarelos, en Santiago de Compostela; a Fundación Artabria, en Ferrol; o Museo Etnolóxico, en Ribadavia; e a Asociación Cultural Alexandre Bóveda, na Coruña. A proba de lume foi superada con grande afluencia e interese [**imaxe 2**] de todo tipo de público: dende profesionais e investigadores até o público menos especializado. Temos que agradecer a tódalas persoas que depositaron a súa confianza no proxecto e que nos axudaron neste camiño.



Imaxe 2. Fotografía da presentación en Santiago de Compostela. Fonte: Mazarelos.gal.

A pausa pandémica que estamos a vivir non paralizou os nosos esforzos na publicación do segundo número da revista. Como a de Mazarelos, a nosa porta non está pechada e seguimos tecendo novas colaboracións con outros proxectos, asociacións e persoas. Tamén estamos reactivando vías como a audiovisual, para diversificar as nosas publicacións.

Mazarelos non pretende substituír nin competir coas canles tradicionais polas que historiadores e historiadoras se expresan. Nós partimos da idea de que é preciso adaptarse aos novos formatos e oportunidades. Por iso continuaremos traballando arreo para difundir historia e ciencias sociais dun xeito didáctico e asiquible para o público xeral, mais sen perder nunca a rigorosidade.